

O lirio do Xurés

Revista escolar do CEIP do Xurés

Curso 2008 - 2009



Carta da dirección

Estimados pais e nais:

Un ano máis temos o gusto de contarles o que no día a día, no percorrido do curso 2008-2009, xuntamente cos seus fillos e fillas, estivemos a facer. Para iso agasallámoslos con esta pequena revista Lirio do Xurés, na cal poden

actividades que os seus fillos e fillas xunto coas profesoras e cos profesores desenvolveron ó longo do curso e que esperamos que sexan do seu agrado e serva para ledicia de todos vostedes.



O claustro de profesores

Moitos cambios para o ano que vén.

Recentemente se renovou a dirección do centro, volvendo a quedar seleccionada pola comisión correspondente Milagros Paz.

O que si vai cambiar é a composición do claustro, xa que algúns dos profesores que traballaban no centro este ano serán destinados noutro lugar

Botaremos de menos aos que se vaian, esperando estar tan a gusto coa xente que veña para o curso que vén. Dámoslle a despedida agradecéndolle o

traballo que fixeron no centro e esperamos que volvan algún día a formar parte deste equipo de profesores.

Contidos

Actividades do colexio

Traballos dos alumnos

Estivo ben, pero pódese mellorar.

O ano pasado contabámosvos as nosas intencións de mellora con respecto á biblioteca e o deporte escolar melloramos moitísimo, incluso gañamos nalgunha competición. Tamén iniciamos varias escolas deportivas. O atletismo e o xadrez foron gratuítos, impartidos por profesores do centro coa colaboración de algún pai.

Na biblioteca, o nivel de préstamos mantívose, poñendo de relevo que os nosos nenos e as nosas nenas len moito. Ademais púxose en marcha o proxecto lector coa representación da “Odisea”, tratando de potenciar o coñecemento das obras clásicas. Animamos aos interesados na lectura que se acheguen polo centro para levar algún libro.

Neste exemplar da revista tamén contamos cunha colaboración dos alumnos e das alumnas moito máis importante.

Sitio WEB:

centros.edu.xunta.es/ceipdoxures

Xogos coa A.S.P.G.

Esa mañá estivemos coñecendo algúns xogos populares da man da xente da Asociación Psicopedagóxica Galaico-portuguesa. Primeiro xogamos á ra, aos bolos e a meter uns aros por unha estaca cravada no chan. Despois estivemos xogando co paracaídas e a un xogo que nos ensinaron que era coma o brilé pero coas regras algo cambiadas.

Liga de brilé.

Celebrouse durante o mes de outubro.

A liga celebrouse durante todo o mes, e os partidos xogábanse nos períodos de recreo. Os equipos estaban formados por nenas e nenos de distintos cursos.

Rematouse cun partido final, no que xogaron alumnos e profesores.

Deportes.

Durante este trimestre deron comezo as carreiras de campo a través. Os resultados foron excelentes, con alumnas e alumnos nos primeiros postos.

Tamén se celebrou a proba multideportiva, con xadrez, baloncesto, balonmán e unha proba cultural, na que o alumnado contestaba preguntas.

Halloween.

30 de outubro.

Durante toda esta semana, e parte da anterior, o alumnado adicouse a preparar as lanternas de Halloween. En lugar das tradicionais cabazas, collidas na horta, fabricáronse



Nenos e nenas lendo unha historia.

a base de pasta de papel, desenvolvendo así as súas capacidades plásticas e artísticas.

Ao final da semana, reunímonos todos na biblioteca do centro para dar lectura a unhas historias de medo que estiveran traballando na clase de lingua. Á luz das lámpadas-cabaza, as historias asustaban un pouco máis. Algúns dicían que non tiveron medo, pero can ladrador, pouco mordedor...

O día dos magostos.

Este ano contamos coa visita das nenas e dos nenos dos colexios de Entrimo e de Muíños, que se achegaron ata Lobios para xogar pola mañá cos rapaces e as rapazas do noso colexio. Os pequenos xogaron co paracaídas, a ver quen pelaba as castañas máis rápido... Os maiores fixeron carreiras, xogaron a encestar as castañas. O mellor foi sermos



Xogando co paracaídas.

máis xente, que xa está ben de xogar sempre os mesmos.

Máis tarde compartiron mesa. Non faltaron a empanada, as castañas e as carreiras para pintarse uns aos outros.

Os profesores de Muíños e de Entrimo tamén viñeron de visita. Poucos se libraron de quedar negros. Entre todos acordouse que se repetirá a xuntanza nos vindeiros anos, cada vez nun colexio.



Os profesores e as profesoras de todos os colexios.

Festival de Nadal.

Todos participaron na obra.



Actores e actrices no escenario cantando unha panxoliña entre escea e escea.

Ao final mereceu a pena tanto traballo durante as últimas semanas do trimestre para preparar a obra na que participou todo o alumnado do colexio. Aínda que ás veces nos ensaios parece que alguén non sabe ben o papel, ou que hai confusión para colocarse no escenario, o día do festival todo saíu estupendamente.

Xa sabiamos doutras veces que contamos no colexio cuns actores e unhas actrices



Papá Noël reparte os agasallos entre as nenas e os nenos máis pequenos.

fantásticos, pero algún mérito terán os directores tamén, que son os que dirixen os ensaios.

Nos descansos entre acto e acto, tamén había cancións, en coro, nas que participou todo o mundo, uns desafinando un pouco e outros desafinando menos ou nada.

Ao final, o primeiro e o segundo ciclo fixeron unha demostración de todo o inglés que aprenderon dando unha lección ás familias que estaban presentes sobre as partes do corpo. Ademais de cantar en inglés é importante entender o que se está a dicir.

Despois da comida, apareceu Papá Noël, con regalos para todo o alumnado. Primeiro houbo algunha cara larga, pero despois todo o mundo estaba encantado co agasallo.

Trompilandia.


Os rapaces e as rapazas estiveron pintando os trompos que aprenderán a bailar despois das vacacións.



Exposición dos trompos.

Neve no Xurés.

As fortes nevadas dificultou en dúas ocasións que os rapaces e as rapazas de Grou puideran vir ao colexio.



A serra do Xurés.

O Belén.

O departamento de relixión encargouse de preparar o Belén, que decorou o colexio durante estas datas, dando un bonito aspecto navideño.



Os reis entran en Belén.

O día da paz.

Un día sen discusións.



Homenaxe aos premios Nobel da paz.

Nos tempos que corren, con tanta guerra e tantas discusións entre os maiores, os nenos e as nenas queren dar exemplo celebrando o día da paz.

O primeiro que fixeron foi formar unha pomba da paz xigante, simbolizando o desexo de enviar unha mensaxe a todo aquel que a queira recibir de que as cousas se poden resolver sen necesidade da violencia. E cumpriron o propósito, porque non houbo un só problema para que cada un se puxese no seu sitio con

orde.

Despois de sacar as fotos fomos todos ata o salón de actos. Alí se fixo un recorrido recordando ás persoas que recibiron o premio Nobel da paz, que se concede aos personaxes que adican a súa vida a evitar a violencia e resolver os conflitos de forma pacífica. Cada neno e cada nena levaba escrito nun globo branco o nome dun personaxe e o ano no que se lle concedeu o premio.

O máis importante desta celebración é que a lección quede aprendida e se acorden de todos estes personaxes cando xurda algún problema nas clases ou no patio. Non queremos ver malas palabras ou insultos, e moito menos ningunha forma de agresión.



As nenas e os nenos do colexio formando a pomba da paz.

Xogos populares.



Xogando ó hockey en zancos.

Os monitores da asociación Xaquín Lourenzo mostráronlle ó alumnado distintos xogos populares que corren o risco de perderse con tanta Play Station.

Na primeira sesión aprenderon xogos de exterior e na segunda os xogos de interior.



Xogos de interior.

O tempo non deixa facer deporte.

As nevadas e o mal tempo fixeron que a maior parte das competicións de aire libre, como campo a través non se puidesen celebrar con normalidade.

Para facer algo de deporte e non quedarse pechados no colexio, adiantouse o fútbol sala.

O entroido.

Parecía que non, pero puideron acabar os disfraces a tempo.

O disface deste ano consistía principalmente en froitas e hortalizas. Os máis pequenos fixeron o disface sobre a base dunha bolsa de plástico. Os disfraces do primeiro ciclo consistían en formas feitas en espuma. No segundo ciclo fixeron unhas bolas de pasta de papel. Os maiores ían vestidos de cociñeiros, para facer unhas ricas ensaladas coas verduras.

Aínda que a cousa se colla con tempo, coma este ano, que o entroido non caía nada baixo, ao final sempre aparecen as présas. O material encargado non daba chegado a tempo. Os moldes para facer os disfraces do segundo ciclo non daban collido consistencia, e os detalles dos traxes de cociñeiro non acababan de convencer as esixencias dos modistos.

Pero todo quedou listo a tempo.



Na cola do desfile ían os cociñeiros.

O martes de entroido preparouse un desfile. Un grupo de profesores puxo a música, con gaita, caixa e bombo.

E así se percorreron as rúas de Lobios a ritmo de muiñeira. Despois veu a tradicional chocolatada, na que as familias aportaron os ricos postres aos que nos teñen acostumbrados.



O desfile ao son da muiñeira.

Os compañeiros da escola de Oakham.

Intercambio cultural co Reino Unido

Para pór en práctica o inglés que están aprendendo os alumnos e as alumnas, no presente curso xurdiu a posibilidade de poñerse en comunicación cunha escola do Reino Unido para intercambiar información sobre os respectivos países.

Aínda que os compañeiros ingleses son de secundaria, estiveron encantados de ver o ben que se expresan os nosos cativos na súa lingua, e de coñecer as marabillas do Parque Natural da Baixa Limia – Serra do Xurés. Á súa vez enviáronnos no mellor español que souberon (o galego fáiselles moi difícil) uns preciosos folletos con información sobre a súa escola.

Os nosos rapaces e rapazas quedaron sorprendidos dalgunhas das diferenzas que observaron, sobre todo nos horarios, xa que no Reino Unido os alumnos pasan máis horas na escola e saen bastante tarde. Ademais, case todos están apuntados a moitas actividades no serán.

Para o ano seguiremos en contacto con eles, seguramente faremos algunha cousa máis.

Excursión ás illas Cíes.

As illas parecen pequenas, pero a ruta que se fixo cansou ao máis resistente.



As espectaculares paisaxes deixan coa boca aberta a calquera.

Como xa sucedera o ano pasado, o Parque Natural da Baixa Limia-Serra do Xurés organizou unha visita para visitar un dos outros parques naturais de Galicia. Esta vez o viaxe non era tan longo coma o ano pasado, que fomos a Corrubedo.

Para ir as illas Cíes, primeiro hai que chegar ata o mar, que dende Lobios non queda moi preto. Dende Vigo cóllese o barco ata as illas, que tampouco quedan tan preto da costa como pode parecer. A algúns gustoulles moito a viaxe en barco, pero algunha outra xente mareouse un pouquiño.

As illas forman un bonito parque natural, con moitas especies vexetais e animais, así como uns fondos mariños que son a envexa de todo o mundo.



A praia de Rodas, segun "The Gardian", a máis bonita do mundo.

As actividades que alí se fixeron foron varias. Primeiro charlas, despois unha ruta bastante longa e difícil e por último a descansar un rato na praia. Pero o recordo que quedou máis gravado foi o xeadro que tomaron despois.

Charla sobre política rural.

A política achégase aos colexios.

Recibimos a visita das representantes da Xunta de Galicia, que nos contaron as accións que fai o goberno e as que ten previstas para os próximos anos para dinamizar as zonas rurais.

Está ben que as administracións se preocupen de explicar o traballo que fan aos nenos e ás nenas, que así van collendo unha idea máis clara dos asuntos que teñen que tratar os que mandan e os problemas cos que se atopan, que nunha zoa rural coma Lobios acostuman a ser numerosos.

Saída ao teatro.

Marco Polo.

Despois de estudar no colexio dos detalles da vida de Marco Polo, os países polos que viaxou, etc., Os alumnos e as alumnas foron ao teatro a ver unha obra sobre o tema.

A obra transmitía o importante que é coñecer diferentes culturas, xa que vivimos nun mundo no que temos que entendernos.

O plan era xogar no parque ao remate da obra, pero empezou a chover bastante e houbo que volver ao colexio.

Excursión ao Porto.

Visitamos o parque zoológico de Maia.

A ANPA do colexio organizou a tradicional saída de fin de curso, que neste caso contou coa colaboración dos profesores, que pouco traballo tiveron xa que as nais e os pais se encargaron de case todo.

A primeira parte da visita foi ao zoológico, onde puidemos desfrutar do espectáculo do león mariño, que moitos pensaron que era unha foca.



O tren fixo un percorrido pola cidade de Maia.

negra, que se escondían moito.

Ao saír do Zoo o tren turístico levounos a un percorrido polos



O hipopótamo impresionou a todo o mundo.

Alguns animais deixaron moi edificios e monumentos máis sorprendidos aos nenos e as importantes de Maia.

nenas, coma o hipopótamo, o crocodilo ou as cobras. Poucos puideron ver o tigre e a panteira

Despois dos bocadillos tentamos ir un rato á praia. Ao final pasamos máis tempo no autobús que na praia, porque en Portugal era día festivo e había uns atascos de campionato. A nós tocounos estar metidos no autobús vendo as procesións do Corpus máis dunha hora. Pero todo saíu ben e puidemos estar un ratiño tomando o sol, e algúns bañándose.



Esperando ao bus para volver a Lobios.

Concurso de teatro en Bande.

Coma en cursos anteriores, o Concello de Bande organizou o concurso de teatro. Dado que no colexio temos tan bos actores e actrices, decidimos presentarnos unha vez máis.

O primeiro ciclo representou unha obra clásica, “A Odisea”, escrita fai máis de dous mil anos polo grego Homero, coa que as nenas e os nenos do segundo ciclo aprenderon a historia de Ulises cando volvía a casa en busca da súa muller Penélope.

Os maiores representaron “Que demo de Farruco”, na que contaron as aventuras duns peregrinos no camiño de Santiago.



Unha das esceas.

As obras quedaron moi ben. Por un lado porque os rapaces e as rapazas estiveron moi ben, e por outro grazas ao moderno salón de actos do colexio de Bande, que ten unha acústica excelente.

Polo que escoitamos ao finalizar as obras, gustaron moito. Os aplausos que escoitamos ao finalizar a obra foron xeneralizados.

Gran afluencia de público no festival.

Houbo actuacións de todo tipo.

Ás once e media da mañá deu comezo o espectáculo. Estaban convocadas as nais e os pais que quixesen asistir.

A verdade é que acudiu moitísima xente, o salón de actos do colexio estaba completamente cheo. Incluso había xente que quedou de pé.

O espectáculo foi moi variado. Por un lado representáronse dúas obras de teatro. Os nenos e as nenas do segundo e o terceiro ciclo de educación Primaria repetiron as obras coas que se presentaran ao concurso de teatro de Bande.

Tampouco faltou a música. Ademais de tocar as cancións que aprenderon durante o curso nas clases de educación



“A Odisea” representada polos rapaces e as rapazas do segundo ciclo de primaria



“Que demo de farruco!”



Os maiores tocando unha canción

artística, algúns improvisaron os seus propios números de canto e baile. Foi máis que sorprendente a creatividade e o arte que mostraron en cada unha das actuacións, que foron preparadas por eles mesmos nos ratos libres.

Ao remate das actuacións, celebrouse a segunda edición do concurso de coñecementos de alumnos contra profesores. Nesta ocasión conectámonos online coa páxina web que preparou a xente do Parque Natural Baixa Limia – Serra do Xurés

www.imaxinateoxures.com, na que se pode xogar a varios xogos, entre eles un trivial no que aparecen preguntas sobre datos relevantes do parque. Gañaron os alumnos, e aínda que seguen pensando que os profesores os deixaron gañar, o que sucede en realidade é que saben moitas cousas sobre o lugar no que viven. Os profesores perderon o punto decisivo ao confundir a imaxe dun cervo coa dun corzo, que tampouco era tan fácil.



Os nenos e nenas de infantil bailando unha canción



O primeiro ciclo dando palmas




Actuación musical do segundo ciclo

Despois do concurso houbo un pouquiño de karaoke, pero non durou moito porque xa era case hora de comer. Ademais había que despedirse dos compañeiros e das compañeras. Algúns van estar un par de meses sen verse.

O ambiente de alegría foi máis porque aínda non se entregaran as notas. O luns xa será outra cousa e haberá que demostrar que o fan igual nos estudos.

Debuxos do parque.

Enviáronselles aos amigos de Oakham, no Reino Unido, para que visen como é a zona na que está o colexio.



O alumnado propón melloras para o colexio.

Lobios 15 de Xuño de 2009

O meu colexio (E.I.P. da Xusés), gustaríame cambiar os horarios do patio porque só temos 20 minutos e gustaríame que o patio tivera unha media hora.

A min gustaríame que fíxeran máis actividades infantís, porque se fan máis das maiores, O que non me gusta do colexio é que den poucas xambas, tiñan que plantar máis árbores, nos xa as plantamos, pero os maiores tamperanas todas cando xogan ao fútbol.

Tamen me gustaría que houbera algunhas aulas do ESO para non ter que ir a Bande porque está impbica ter que levantarse máis cedo.

Tamen desearíame que cada o ano houbera o mesmo horario, porque neste horario a xente ten que estudar máis e os clases e os estudos son máis pequenos.

Ademais debería haber máis actividades extracurriculares como fútbol, ping-pong, etc.

Tamen desearíame que houbera máis de xogadores para non moxer tanto para ir a Bande.

Aí por caso se me olvidaba, tamén desearíame que fíxeran un sitio máis bonito para os estudos, flores, etc.

Señor director, pídolle que no máis pronto se cumplan.

Atentamente: Parola.

Lobios 15 de Xuño de 2009

O meu colexio (E.I.P. da Xusés), gustaríame cambiar os horarios do patio porque só temos 20 minutos e gustaríame que o patio tivera unha media hora.

A min gustaríame que fíxeran máis actividades infantís, porque se fan máis das maiores,

O que non me gusta do colexio é que den poucas xambas, tiñan que plantar máis árbores, nos xa as plantamos, pero os maiores tamperanas todas cando xogan ao fútbol.


Tamen me gustaría que houbera algunhas aulas do ESO para non ter que ir a Bande porque está impbica ter que levantarse máis cedo.

O Meu Colexio Chamara E.I.P. da Xusés.

Lobios, 15 de Xuño de 2009

Gustaríame cambiar o horario das actividades. Gustaríame que se construíran parques con columpias para os pequenos, non me gusta que os pequenos se formen por que están acostumados a eles e é que se plantase as árbores e flores e que máis actividades educativas e culturais que fíxeran que deslucen as clases das clases non amplias e me gustaría que houbera 2 horas de inglés, música, relixión e física e de educación física e que houbera un campo de fútbol de baloncesto e de fútbol por que así non xogan ao fútbol e outros de baloncesto e outros ao fútbol así non se molestan e así non dan os chamados e pelota na cabeza e así ningún se fai

Na clase de plástica.



O concurso de poemas.

Unha das alumnas gañou un premio, que foi recoller á Coruña.

A continuación amosamos algúns dos poemas que se presentaron ao concurso.

Unha alumna do cuarto curso resultou premiada, e recibiu unha chamada para asistir á entrega de premios na Coruña. E foi encantada, por suposto.



“O meu pobre
corazón”

Dóeme no corazón,

pero teño que vender o camión

e voarei coma un avión,

por ser un campeón,

mais levo nun rincón

por ser un malandrón,

parézome a un ladrón.

Pero son coma un pompón.



“A Lúa alumea”

Lúa lueira

que ti es a máis preguiceira

Lúa crecente

risas de toda a xente

Lúa chea

Lúa minguante

trae atada que non hai quen as

aguante



“O SOL DÁ LUZ”

O sol da nas flores

O sol da nas nubes

O solciño dá nas nubiñas

O solciño dá nas montañiñas

O solciño dá nas floriñas

O solciño dá nas casiñas

O solciño dá nas frutiñas

O solciño dá nas casiñas

O solciño dá nas amiguiñas

“Iso non se toca”



Leo,Leo

non manques ao neno.

Lucas,Lucas

non manques á lúa.

Pepa,Pepa

non manques á nena.

Pepe,Pepe

non manques ao xefe.

Pablo,Pablo

non manques ao anano.



“O encoro”

Onte luns do mes de abril ,

o encoro estaba cheo de carmín.

E mañá estará

con folliñas a brillar.

Onte estivo o encoro

con folliñas a brillar,

e agora están

todas as folliñas a cantar.

Eu digo esta poesía

para que non haxa

pena na miña vida.

O día das letras galegas.



Organizamos un concurso de traballos sobre Ramón Piñeiro. Aquí presentamos aos finalistas.

O concurso consistía nun traballo sobre Ramón Piñeiro. O formato era libre, pero case todos presentaron un mural.

O xurado estivo formado por un grupo de profesores designado polo claustro. Aínda que a deliberación foi difícil, púidose chegar a un acordo sobre os finalistas.


Os premios consistiron en lotes de libros en galego. Había un lote para os gañadores de cada ciclo, e todos os participantes levaron un obsequio para recoñecer o traballo que levaran.

O máis importante do concurso foi que agora sabemos máis sobre o escritor.



Artistas voluntarios.

Queremos que esta revista teña máis participación dos alumnos e das alumnas.




O lagarto-paxaro de Tiago

Neste exemplar da revista contamos cunha colaboración do alumnado moito máis numerosa que o curso pasado. Pero como sempre se pode mellorar, animamos ás nenas e tamén aos nenos que segan no colexio a que para o ano fagan moitos máis traballos, e que saquen máis fotos nas saídas, e incluso que escriban algúns dos artigos, que os profesores tamén nos cansamos de escribilo todo.

Intentaremos formar un equipo de redacción integrado só por alumnos e por alumnas, que por suposto contarán coa supervisión e a axuda dos profesores.

Presentamos aquí os traballos recibidos que foron feitos de maneira voluntaria, sen formar parte de ningún traballo de clase.



Emilio envía esta libélula

Traballos de Relixión.

Murais sobre o calendario litúrxico.



A cidade.

Para aprender a moverse por unha cidade en Inglés, construímos a nosa propia.

Un dos temas da clase de inglés sitios nin as direccións, senón é precisamente ese, aprender o que as viamos directamente na nome dos distintos edificios e maqueta.

lugares que se poden atopar nunha cidade e a indicar e entender como se vai a cada un deles.

Pareceunos máis divertido construír a nosa propia cidade, así non tiñamos que imaxinar os

Cada un fixo a súa casa. Entre todos foi posible a construción das estradas, dos parques, o acondicionamento das praias.

Quedounos sen construír o Concello, Correos, etc. Para o ano que vén...



Colaboraron todos os nenos e nenas da primaria.